



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



CIRCULAR 15/2007 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS, POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS PARA A APLICACIÓN DA ORDE DO 17 DE XULLO DE 2007 NA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA.

A Orde do 17 de xullo de 2007 (DOG do 24 de xullo) pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, establece no seu artigo 2 que esta orde resulta de aplicación aos funcionarios docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Atendendo ás características específicas das ensinanzas de Arte dramática e do centro no que se imparten, e considerando igualmente as peculiaridades dos seus procesos de docencia, investigación e creación, cómpre poñer en marcha unha serie de áreas de actividade vinculadas con funcións docentes específicas. Estas áreas de actividade, que xa se recollen no Proxecto Educativo da Escola e tamén se establecen no seu Regulamento interior, terán a denominación de *servizos*.

Estes servizos, que en liñas xerais se corresponden coas áreas contempladas nos artigos 5 e 6 da mencionada Orde do 17 de xullo de 2007, son:

- a) Servizo de formación en prácticas e intercambios escolares, vinculado coa *Dinamización de programas internacionais* (artigo 6. f).
- b) Servizo de biblioteca e documentación, vinculado coa *Dinamización de biblioteca* (artigo 6. b) e co establecido no Real Decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas artísticas.
- c) Servizo de posgrao e investigación, atendendo ao establecido no Artigo 58 da Lei Orgánica de Educación.
- d) Servizo de mantemento e calidade, vinculado coa *Dinamización da mellora da calidade educativa* (artigo 6. e) e coa participación da ESAD na Rede G-6 para a promoción de procesos de implantación de Sistemas de Xestión da Calidade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



- e) Servizo de creación e produción, vinculado coas mostras fin de curso e cos proxectos fin de carreira do alumnado, así como coas actividades de creación propias dun centro destas características e con convenios con entidades para a promoción da creación e a difusión escénica.
- f) Servizo de publicacións, información e comunicación, vinculado coa *Dinamización das novas tecnoloxías da información e comunicación* (artigo 6. a).
- g) Servizo de actividades complementarias e extraescolares, e desenvolvemento de convenios de colaboración con outras institucións e entidades.

Os ditos servizos, en tanto recollen a maioría das funcións establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007, pero tamén recollen outras funcións docentes máis específicas derivadas da natureza singular da ESAD como centro superior de ensinanzas artísticas, funcionarán segundo as directrices que se establecen na Orde de 17 de xullo de 2007, sendo de aplicación o establecido na mesma para o nomeamento dos seus coordinadores e para a percepción da contía da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.

O profesorado responsable dos servizos será designado pola dirección, oído o Claustro e o Consello Escolar, segundo os procedementos de proposta e nomeamento dos xefes do Departamento e polo período establecido na Orde de 17 de xullo de 2007. Para desempeñar o cargo de xefe/a do Servizo de Posgrao e Investigación haberá que estar en posesión do título de Doutor/a.

O profesorado responsable dos servizos poderá dedicar entre dúas e catro horas do seu horario semanal á coordinación do mesmo, segundo as necesidades que se produzan en cada caso. A dedicación semanal será establecida pola Xefatura de estudos. O profesorado poderá ser convocado a reunións ordinarias e extraordinarias da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Consello Escolar para informar, comentar ou debater en asuntos relativos ao servizo que coordina, con voz pero sen voto. A súa participación nas sesións dos órganos anteditos limitarase, en exclusiva, aos puntos da orde do día que se relacionen co servizo que coordina.

O profesorado que desempeñe o cargo de xefe ou xefa dos ditos servizos terá dereito a correspondente certificación, segundo establece o artigo 21 da Orde de 17 de xullo de 2007.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Edificio Administrativo
San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 562
Fax: 981 546 551
dxfp@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es



UNION EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



Con independencia do funcionamento dos ditos servizos, e en función igualmente do disposto na Orde do 17 de xullo de 2007, atendendo ao establecido no seu artigo 6., apartado g., tamén se poderá establecer unha área de dinamización específica vinculada coa "dinamización de apoio á xestión económica do Centro", que no caso da ESAD de Galicia terá como misión o apoio á xestión económica vinculada cos programas de colaboración e cooperación nos que participa a ESAD e co apoio á xestión académica vinculada coas probas de acceso e a posta en marcha de liñas de formación a distancia, en colaboración cos proxectos que nesta dirección teña xa establecidos ou poña en marcha a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2007

O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS



Antonio Vázquez Vázquez